



# **PLAN OPERATIVO ANUAL**

## **2014**

## INTRODUCCIÓN

O Claustro da Universidade da Coruña aprobou as Liñas Xerais da Programación Plurianual e Orzamentaria 2014-15 o pasado 4 de decembro. Os contidos do antedito documento estrutúranse nos seguintes apartados: contexto orzamentario; estimación dos ingresos e gastos correspondentes ás principais partidas; Plan xeral de investimentos e previsións sobre a evolución dos efectivos de PDI e PAS.

O Plan Operativo Anual 2014, a partir dunha información máis concreta sobre o financiamento da Xunta de Galicia e a situación económica da UDC, desenvolve o anterior documento e acompaña o orzamento, fundamentando as actuacións nel programadas.

O documento consta de tres apartados. O primeiro concreta as previsións orzamentarias contidas para o exercicio nas liñas xerais da programación plurianual 2011-2013; o segundo a dotación económica de actuacións relevantes para a consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan; o terceiro presenta accións que, co orzamento dispoñible, van ser acometidas no exercicio na procura de avanzar na consecución dos diferentes obxectivos estratéxicos definidos no Plan Estratéxico UDC 2013-2020.

## **ACTUALIZACIÓN DAS PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS CONTIDAS NAS LIÑAS XERAIS DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL E ORZAMENTARIA 2014-2015**

As Liñas Xerais da Programación Plurianual e Orzamentaria 2014-2015 incluían unhas previsións respecto das principais partidas de ingresos e gastos que totalizaban unha baixada significativa do orzamento:

- Ingresos
  - As transferencias da Xunta de Galicia aumentarían lixeiramente sobre a previsión de liquidación de ingresos o PLAN de financiamento para o exercicio 2013, aínda que sufrirían unha diminución sobre o orzado para ese exercicio.
  - Os ingresos reais de matrícula deixarían de verse afectados pola adaptación das titulacións ao EEES. Prevíanse ademais uns ingresos extraordinarios froito da reclamacións á Xunta de Galicia das cantidades non cobradas por diversas exencións de pagamento de matrícula.
  - Uso de todos os fondos propios dispoñibles para equilibrar o orzamento.
  - O contexto económico facía prever a continuación da caída nos fondos finalistas captados para I+D+i que comezou en 2010.
  
- Gastos
  - A previsión de mantemento do número efectivos traduciríase nunha conxelación da masa salarial.
  - No gasto corrente en bens e servizos, aspirábase a axustes que poderían acadar no bienio o 4%.
  - Os gastos de investimento deben seguir a baixar, aínda que non dun xeito tan pronunciado como o fixeron os últimos anos.
  - Nos investimentos en biblioteca as reducións necesarias deberían afectar en menor medida aos fondos centralizados.
  - As bolsas de estudantes seguirían a ter unha evolución mellor que a do conxunto do orzamento.



Unha vez concretadas as achegas públicas previstas para a UDC e elaborada a proposta de orzamento, cómpre salientar as seguintes matizacións das previsións sinaladas:

- Orzamento global: o importe global do orzamento sitúase en 114,9 millóns de euros, algo por debaixo do previsto.
- Ingresos
  - Cunha estimación prudente, o financiamento achegado pola Xunta de Galicia á UDC está previsto que sexa de 90 millóns, lixeiramente por debaixo do previsto nas Liñas Xerais do Plan Plurianual.

A previsión de ingresos detállase nesta táboa:

		2014 SUG	Previsión 2014 UDC
Financiamento estrutural	<i>Fondo financiamento custos estruturais</i>	253.739.389	67.471.841
	<i>Fondo financiamento investimentos reparación e mellora</i>	5.048.502	1.448.439
	<i>Mantemento consellos sociais</i>	600.000	200.000
	<i>Financiamento INEF-Galicia</i>	2.842.170	2.842.170
	<i>Financiamento prazas vinculadas SERGAS</i>	6.324.539	950.000
	<i>Subvención compensación custos inducidos</i>	1.098.020	315.022
<b>Subvención por resultados</b>		37.154.175	11.443.486
<b>Financiamento por mellora da calidade</b>		18.000.000	5.298.200

Os cálculos fixéronse coas seguintes previsións:

- O fondo de financiamento de custos estruturais repártese en 2014 nun 85% por criterios históricos e o resto por indicadores. A porcentaxe correspondente á UDC para a parte variable subiu de xeito significativo en 2013, polo que, por prudencia, se mantén esta porcentaxe.
- Ata 2012 o reparto do fondo por resultados rexíase exclusivamente por criterios históricos. O cálculo do reparto en función dos indicadores dos contratos programa firmados polas universidades do SUG fixo subir máis de 3 puntos porcentuais a porcentaxe correspondente a UDC en 2013. A porcentaxe para 2014 asociada a evolución destes indicadores sube ata o 60%, polo que se espera outro pequeno incremento, a falta de datos concretos sobre o reparto.
- O reparto do fondo de mellora da calidade presenta máis incertezas polo cambio de criterio adoptado neste exercicio pola Consellería de Facenda. Na data de elaboración deste documento aínda non está claro o reparto para o exercicio 2013.
  - o A previsión de ingresos de matrícula coincide coa feita no Plan Plurianual. Estímase, ademais, unha suba pola contabilización prevista dos ingresos de matrícula financiados coa acción social.
  - o A importante resolución de convocatorias de axudas nas últimas datas amosa un crecemento dos fondos finalistas para I+D+i que aparecen no orzamento.
  - o Recóllense tamén no orzamento novos ingresos procedentes de empresas privadas e institucións públicas para o financiamento de diferentes actividades. Os acordos alcanzados en últimas datas co Concello da Coruña suporá ingresos para infraestrutura por valor de 340.000 euros; Inditex achega 100.000 para mobilidades.
- Gastos
  - o Mantense a masa salarial efectiva de 2013. Redúcense no capítulo I as achegas para a acción social.
  - o O axuste en gasto corrente en bens e servizos previsto para 2014 é do 3,6%.

- o A baixada dos investimento con fondos propios coincide coas previsións: baixada de investimento en infraestrutura, reestruturación e significativo axuste dos fondos descentralizados de biblioteca, redución case imperceptible do investimento en revistas científicas.
- o Ademais, complementáanse unha provisión de fondos para o cofinanciamento do proxecto A-TEMPO, estratéxico para a UDC e do que se teñen expectativas de consecución bastante firmes.

## **DOTACIÓN ECONÓMICA DOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS**

De seguido abordase a revisión da dotación económica dos proxectos recollidos no Plan Estratéxico. Darase conta dalgunhas dotacións importantes para cada obxectivo. Por suposto, outros créditos contribúen de xeito indirecto ou transversal na consecución dos obxectivos.

### **DOCENCIA E APRENDIZAXE**

#### **Obxectivo estratéxico 1: Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior**

- A aposta pola formación inicial e pola actualización do persoal docente continúa a mostrarse no orzamento, cunha dotación para o CUFIE de 72.000€.
- As accións de mellora e certificación e os investimentos da UTC supoñen un total de 64.000€.
- Os gastos da recentemente estreada Residencia Universitaria de Ferrol están incluídos nas correspondentes partidas centralizadas.
- A partida descentralizada asociada á docencia práctica supón unha contía total de 250.000 euros e vese afectada por un axuste dos fondos dispoñibles sensiblemente por debaixo da media.
- As bolsas e axudas a estudantes teñen un tratamento preferente, cun axuste dun 3%, inferior á media. O total de 2,4 millóns de euros recolle as achegas de diferentes administracións e empresas privadas e outra parte significativa é asumida con fondos propios.
- Aínda que acumula un axuste importante nos últimos orzamentos, o desenvolvemento do programa Xescampus continua a ser unha aposta de colaboración de xestión entre as universidades do SUG e órzase con 187.000€.
- A partida de investimentos para o apoio á xestión está dotada con 50.000€.

## **Obxectivo estratéxico 2: Unha atención especial á empregabilidade e ao emprendemento dos egresados**

- Os case 12.000€ cos que a UDC posibilita o funcionamento do Observatorio Ocupacional son complementados por importantes subvencións e contratacións por parte de diferentes entidades públicas e privadas
- Os 200.000 euros dos que dispón neste orzamento o Consello Social posibilitan, entre outras, as actividades relacionadas con este obxectivo
- Coa partida de Cursos e Conferencias da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías seguen a atenderse necesidades singulares de prácticas docentes externas (72.000€)
- A partida de investimentos para o apoio á xestión está dotada con 50.000€.
- Con persoal propio, con créditos de capítulo I, asumiranse melloras informáticas para a xestión das prácticas

## **Obxectivo estratéxico 3: Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno**

- Os case 43.000€ de Información e Divulgación dos que dispón a Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura posibilitan políticas de captación de alumnado tanto para as titulacións de grao como de mestrado.
- Continúan as políticas de captación de alumnos de expedientes destacados en bacharelato, cunha dotación de case 30.000€ para os premios á excelencia.
- Os premios á excelencia está dotados con 55.000 euros.
- Como dicíamos anteriormente, as axudas a estudantes supoñen un total de 2,4 millóns de euros.
- A dotación sinalada anteriormente para a Unidade Técnica de Calidade contribúe tamén a esta obxectivo.



## INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

### **Obxectivo estratéxico 1: Unha produción científica de calidade**

- Establécese unha nova partida para a Escola Internacional de Doutoramento cunha dotación inicial de 20.000 €
- O financiamento plurianual a grupos, unidades e investigadores individuais será por un total de 875.000€ .
- As subscricións a publicacións periódicas supoñen arredor de 1.300.000€.
- Programa INDITEX-UDC de estadias predoutorais no estranxeiro está orzado con 100.000€.
- Con fondos de persoal, asumiranse melloras informáticas para a xestión da investigación.
- Mantéñense reducións de docencia por actividades investigadoras que supoñen un custo importante en capítulo I.

### **Obxectivo estratéxico 2: Incrementar a colaboración coas empresas do contorno e fomentar a transferencia de coñecemento**

- A UDC, coñecedora da transcendencia para a sociedade da transferencia dispón dunha oficina de transferencia de resultados de investigación (OTRI) que conta con persoal financiado en parte a través de convocatorias da Xunta de Galicia e do MINECO, como o proxecto PETRA, cofinanciado tamén pola UDC. Durante o exercicio 2014 estas axudas rematan, polo que se buscan fórmulas de mantemento de dos servizo, acudindo a convocatorias de contratación de persoal de apoio, asesoramento externo,... Esta é a razón pola que as partidas da OTRI asumen as porcentaxes maiores de crecemento deste orzamento.
- A convocatoria de axudas a investigadores, dotada con 150.000 euros, dedica unha parte á obtención de patentes.
- Creación dun fondo por valor de 250.000 € para a probable participación da UDC nun proxecto con cofinanciamento FEDER do Ministerio de Economía e Competitividade.

### **Obxectivo estratéxico 3: Internacionalizar a investigación e a transferencia**

- Programa INDITEX-UDC de estadias predoutorais no estranxeiro está orzado con 100.000€.
- As bolsas propias da comisión de investigación, dotadas con 50.000 euros, financian tamén estadias de investigación para profesores
- Os 15.000€ para apoio a programas de investigación, financian entre outros o fomento da cooperación científica.

## **RESPONSABILIDADE SOCIAL**

### **Obxectivo estratéxico 1: Unha universidade que impulsa o cambio social**

- O Servizo de Normalización Lingüística continuará dando apoio á comunidade para o uso da lingua, para o que ten asignado un orzamento de máis de 35.000€
- As accións de intervención cultural dispoñen de 42.000€.
- As actividades culturais promovidas pola VEDC están a contribuír a cubrir ocos importantes que outras institucións non cobren. Aínda que sufriron un importante axuste as actividades de teatro danza a cine superan os 25.000€.
- Con 68.000€ apoia a universidade as actividades deportivas en Coruña e Ferrol. O importante éxito que están a ter lles permite que moitas das actividades estean autofinanciadas.
- Dende a UDC seguen a promocionarse as actividades e programas de voluntariado social, que se centralizan e xestionan dende a OCV. A dotación total para a oficina é de 43.000€.
- Dótanse axudas para a cooperación e o desenvolvemento por valor total de 32.000€.

## **Obxectivo estratéxico 2: Igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non discriminación**

- A nova etapa da oficina de igualdade dispón de máis de 14.000€ que en boa medida usará para a implantación do Plan de Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña e do Protocolo para a prevención fronte o acoso sexual e por razón de xénero aprobados polo Consello de Goberno do pasado 26 de novembro.
- A atención á diversidade continúa a ser unha prioridade importante para a UDC: mantéñense as partidas de ADI e priorízanse os investimentos en accesibilidade segundo as necesidades xurdidas.
- Dótase de 15.000 euros o fondo social para os estudantes.
- Os 100.000 euros da convocatoria xeral de bolsas da UDC pretenden contribuír ao acceso en igualdade de oportunidades dos estudantes á UDC.

## **Obxectivo estratéxico 3: Unha universidade responsable do seu impacto ambiental**

- A Oficina de Medio Ambiente dispón dun orzamento de 25.000€
- O Plan Enerxético da Universidade está dotado con 47.000 euros.

## **INTERNACIONALIZACIÓN**

### **Obxectivo estratéxico 1: Unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais**

- A Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación contempla unha convocatoria que financia mobilidade do profesorado co gallo de establecer conexións que permitan deseñar titulacións duplas ou conxuntas.
- Mantense o número de mobilidades da convocatoria propia para alumnos iberoamericanos, aínda que a dotación no orzamento sexa maior, polo cambio das bases advertido no Plan Operativo Anual de 2013 (43.000€).
- Aumento do 4% do orzamento xestionado pola Oficina de Relacións Internacionais.

- Contémplanse o mesmo número de mobilidades bilaterais que no exercicio anterior (65.000€)
- A acción de internacionalización da UDC ten orzamento idéntico ao do exercicio anterior.
- A organización da mobilidades dispón de 55.000 euros.

### **Obxectivo estratéxico 2: Unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais**

- Se xestionarán arredor de 54.000€ en prácticas Erasmus.
- As axudas complementarias da prácticas Erasmus, que complementan os 53.000 da convocatoria, está dotada con 8.000 euros.
- As bolsas Leonardo da Vinci teñen unha dotación de 120.000 euros.
- Participación no novo Programa NILS, ten un orzamento de 39.000 euros.

### **Obxectivo estratéxico 3: Mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria**

- Cun financiamento de aproximadamente 29.000€ o centro de linguas asegura o seu funcionamento e a oferta actual.
- Dotase con 20.000 euros unha partida de bolsas de idiomas.
- Cofinanciamento de mobilidade do persoal STT/STA, cun orzamento global de 50.000€.

## **FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS**

### **Obxectivo estratéxico 1: Unha captación de recursos proactiva e uns ingresos diversificados**

- O Consello Social, para afrontar os retos establecidos neste Plan, ten un orzamento de 200.000€.
- As accións de mellora e certificación e os investimentos da UTC supoñen un total de 64.000€.

### **Obxectivo estratéxico 2: Unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos**

- As fortes restricións orzamentarias obrigaron nos últimos exercicios a adiar algunhas accións previstas para o Plan Enerxético da UDC. Aínda así a dotación para estes proxectos é de 47.000€, pois as inversións en eficiencia terán prioridade no orzamento en infraestruturas, tras as inversións en accesibilidade e as inaprazables.
- O desenvolvemento do programa Xescampus órzase en 187.000€.
- As partidas de investimentos para o apoio á xestión están dotadas cun total de 87.000€.

### **Obxectivo estratéxico 3. Unha comunidade identificada coa institución**

- A formación do persoal da UDC ten un orzamento total de 150.000€
- O orzamento total para seguridade e saúde é de preto de 160.000€.
- Secretaría Xeral dispón dunha dotación de case 90.000€ para información e divulgación cos que contribuirá á proxección de UDC cara á sociedade.

## **ACCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS**

Neste apartado dáse conta do compromiso do equipo de goberno da realización de diferentes actividades encamiñadas á consecución dos obxectivos. Son actividades que se financiarán coas dotacións anteriormente sinaladas.

Non se pretende facer unha relación exhaustiva de todas as actividades a realizar, senón sinalar algunhas pola súa relevancia ou ser unha actividade nova deseñada para a consecución do obxectivo.

As actividades están clasificadas por liñas estratéxicas. É evidente que as liñas están moi relacionadas polo que ás veces unha actuación pode considerarse en máis dunha delas.

### **DOCENCIA E APRENDIZAXE**

#### **Obxectivo estratéxico 1: Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior**

##### **1.1 Profundar na integración das titulacións no EEES.**

- Implantación definitiva de todos o títulos da UDC ao novo modelo do EEES coa implantación dos mestrados que substitúen titulacións técnicas de dous ciclos
- Seguimento anual do 100% dos títulos da UDC
- Proceso voluntario de renovación da acreditación dos títulos de grado e mestrado de catro centros
- Certificación dos SGIC de centros. No curso 2013-2014 acadarán a certificación dos seus SGIC 8 centros da UDC
- Desenvolvemento de unha rede de Calidade Docente dotando aos Responsables de calidade dos centros dun espazo virtual estable que permita a difusión e xeneralización das boas prácticas docentes
- Creación dun portal de boas prácticas desenvolvidas nos distintos centros e título e o seu recoñecemento como actividade de innovación

### **1.2 Continuar a aposta por establecer contornos de aprendizaxe máis interactivos e estimulantes.**

- Ampliación das posibilidades do software de apoio á docencia: implantación de espazo de traballo colaborativo (redesocial.udc.es) para a súa utilización por PDI e estudantes da UDC, dun sistema de tutorización por videoconferencias IP (Opensource) e dunha nova versión 2.5 da plataforma de apoio a docencia, Moodle.
- Convocatoria dun programa de recoñecemento da innovación docente en áreas como: creación de materiais para a ensinanza presencial, non presencial e en liña, desenvolvemento de procesos innovadores de avaliación dos resultados de aprendizaxe, desenvolvemento de cursos completos en modalidade semipresencial e non presencial.

### **1.3 Afondar no uso das novas ferramentas tecnolóxicas para a docencia non presencial e en liña.**

- Segundo temos sinalado, se procederá á ampliación das posibilidades do software de apoio á docencia non presencial: implantación de espazo de traballo colaborativo (redesocial.udc.es) para a súa utilización por PDI e estudantes da UDC, dun sistema de tutorización por videoconferencias IP (Opensource) e dunha nova versión 2.5 da plataforma de apoio a docencia, Moodle.
- Desenvolvemento e implantación de sistemas de gravación automática de docencia presencial e a súa incorporación ao repositorio audiovisual de UDC (UDCtv) para a súa utilización en docencia semipresencial e en liña. Implantación de equipos automáticos de gravación de docencia presencial en 4 centros de UDC
- Mellora dos equipos que permitan a docencia a distancia: implantación de equipamento de video-conferencia que permita a participación simultánea de tres ou mais puntos de conexión e instalación en todos os centros docentes da UDC de equipos que posibiliten o establecemento de docencia interuniversitaria e non presencial.



**1.4 Facilitar a adecuación da organización académica ás novas metodoloxías e á innovación docente.**

- Desenvolvemento e implantación dunha plataforma de xestión dos espazos dedicados a docencia e xestión da súa dispoñibilidade e reserva e implantación dun sistema de xestión e elaboración dos horarios docentes personalizados do profesorado.
- Posta en marcha da Área Científica que servirá de infraestrutura de apoio a dous centros con problemas de espazo: Facultade de Informática e Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos

**1.5 Desenvolver e mellorar os mecanismos de coordinación internos en cada titulación.**

- Establecemento de grupos de traballo por ámbitos científicos dos responsable da coordinación dos títulos para o estudo e harmonización dos criterios de desenvolvementos de: Estudo, Seguimento e Criterios de avaliación dos resultados de aprendizaxe, Guías docentes e a súa revisión e aprobación, elaboración do TFG e TFM e as direccións dos mesmos, criterios de avaliación dos TFG e TFM, etc.

**1.6 Mellorar a formación continua e a renovación e innovación docente do profesorado.**

- Revisión dos programas de formación docente atendendo a necesidades de formación detectadas. En particular, se establecerá un Plan de formación das novas tecnoloxías aplicadas a docencias (utilización de novas ferramentas de traballo colaborativo e de docencia semipresencial implantadas na UDC) e un Plan de formación para a utilización de novas metodoloxías de avaliación dos resultados de aprendizaxe.



## **Obxectivo estratéxico 2: Unha atención especial á empregabilidade e ao emprendemento dos egresados**

### **2.1 Impulsar e facilitar a realización de prácticas de calidade en empresas e institucións**

- Elaboración de materiais que dean a coñecer os títulos e as súas competencias profesionais dirixidos ao contorno empresarial da UDC
- Creación e implementación dunha aplicación informática de xestión integral das prácticas externas curriculares e extracurriculares.
- Creación dunha bolsa de entidades colaboradoras para prácticas adaptada a cada centro que o demande, a través do SAPE.
- Seguimento e aumento do número de prácticas que se ofertan dende as unidades propias da UDC como espazo de aprendizaxe do estudantado
- Implantación dun sistema de difusión das oportunidades de prácticas profesionais a través das redes sociais.

### **2.2 Impulsar o desenvolvemento de competencias que melloran a empregabilidade dos estudantes**

- Nova edición do Foro Xuventude en Movemento en colaboración con institucións como a Deputación e Europe Directo que ofrecen obradoiros sobre competencias transversais baseados na información e na formación
- Realización dun ciclo de seminarios de orientación profesional impartido por profesionais destacados.
- Coordinación por parte do Observatorio Ocupacional da UDC do Centro de Recollida e Análise da Información (CRAI) correspondente ás universidades do Noroeste.
- Realización dunha xornada de sensibilización sobre empregabilidade destinada aos coordinadores de prácticas dos centros.

### **2.3 Fomentar o emprendemento dos estudantes**

- Creación de, polo menos, un obradoiro estable sobre cooperativismo en colaboración coa Rede Eusumo, tanto para o estudiantado como para o profesorado
- Creación dun premio ao emprendemento e a Innovación de estudiantado/egresados.

## **Obxectivo estratéxico 3: Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno**

### **3.1 Avanzar no axuste das titulacións de grao e posgrao ás necesidades sociais do noso contorno e ás demandas dos estudantes**

- Rematar as reformas necesarias na estruturación do catálogo de títulos co gallo de cumprir os mínimos de demanda establecidos pola Administración autonómica

### **3.2 Definir políticas proactivas de captación de estudantes.**

- Elaborar novos materiais de difusión de títulos da UDC
- Aumento do número de centros de ensino medio e formación profesional contactados, que suporá o crecemento dos que visiten os campus da UDC.
- Redefinición da política de difusión, que inclúa o aumento do número de persoas da UDC que visite con este obxectivo os centros de ensino medio e formación profesional
- Realización dunha xornada xeral de portas abertas de todos os centros da UDC para familiares e futuros estudantes, e unha xornada informativa destinada aos orientadores de ensino medio e formación profesional
- Reforzar a atención telefónica en período de matrícula
- Organización das Olimpíadas de Física orientadas a estudantes de bacharelato
- Organización de actividades científico divulgativas nas que participen polo menos 15 centros de ensino medio

### **3.3 Impulsar a formación ao longo de toda a vida e afondar na oferta de formación interdisciplinar**

- Establecer as prioridades de evolución a medio prazo da oferta formativa ao longo da vida

### **3.4 Mellorar a comunicación e a coordinación co ensino medio e o ensino superior non universitario**

- Creación do I Certame de Innovación Educativa, dirixido a equipos de profesores de centros de educación non universitarios e universitarios para presentar traballos sobre deseño curricular en educación secundaria
- Creación da I Liga de Debate para alumnos/as de educación secundaria e formación profesional.

## **INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA**

### **Obxectivo estratéxico 1: Unha produción científica de calidade**

#### **1.1 Garantir a calidade dos estudos de doutoramento**

- Creación da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC), posta en funcionamento dos seus órganos de goberno e das actividades propias da escola
- Implantación do programa de promoción de doutoramentos industriais, para teses de doutoramento que se enmarquen en problemas de interese industrial e no que o financiamento investigador sexa asumido parcialmente polas empresas nas que o estudante desenvolvese parte dos traballos encamiñados á realización da tese.
- Programa de incentivación á participación de investigadores da UDC en convocatorias internacionais, nomeadamente nas da Unión Europea, como o Horizon 2020.

#### **1.2 Mellorar a captación de investigadores predoutorais e posdoutorais**

- Asesoramento na definición dos proxectos para facelos máis atractivos para a participación de investigadores máis solventes.

**1.3 Incidir na cualificación do persoal, en particular a capacidade investigadora, como criterio de selección, valoración e promoción do PDI**

- Elaboración dun novo baremo para a valoración e selección do PDI contratado onde a produción e experiencia investigadora de calidade sexan criterios relevantes.

**1.4 Acentuar o recoñecemento da actividade investigadora dentro do conxunto de tarefas desenvolvidas polo PDI**

- Incluír no Plan de dedicación académica individual do PDI actividades de investigación non consideradas na actualidade.

**1.5 Fomentar a cooperación interdisciplinar entre grupos**

- Implantación de sistemas de xestión documental que faciliten tanto o traballo nos equipos de investigación como a colaboración entre grupos.

**1.6 Mellorar a coordinación e a axilidade da xestión da investigación, en particular o apoio á xestión de proxectos europeos**

- Implantación dun sistema de seguimento individualizado das condicións da xestión e de financiamento dos proxectos de investigación en función da entidade financiadora e a convocatoria

**1.7 Aumentar a visibilidade e mellorar os indicadores da actividade real de investigación e transferencia.**

- Definición precisa da forma de declarar a afiliación á UDC para os efectos de publicación de traballos científicos.

**1.8 Mellorar a infraestrutura científica**

- Remate da obra do edificio destinado a Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), incluído o equipamento dos laboratorios (con dotación orzamentaria de exercicios anteriores e cofinanciamento FEDER).
- Saída a contratación e inicio das obras do proxecto modificado de ampliación do CITEEC (con dotación orzamentaria de exercicios anteriores).

**Obxectivo estratéxico 2: Incrementar a colaboración coas empresas do contorno e fomentar a transferencia de coñecemento**

**2.1 Implantar mecanismos estables de recepción e difusión das necesidades das empresas.**

- Creación dunha bolsa de necesidades de las empresas, unha canle a través da que as entidades privadas poden pedir colaboración e os grupos e profesores poden consultar para ofrecer o seu traballo.

**2.2 Formar e informar a comunidade universitaria para mellorar a capacidade de transferir resultados de investigación**

- Continuación da Aula de Innovación e Transferencia. É un programa completo de formación específica sobre diferentes aspectos relacionados coas seguintes temáticas: introdución á colaboración universidade- empresa, propiedade industrial e intelectual, acceso a proxectos internacionais e creación de empresas desde as universidades.
- Implantación do programa de promoción de doutoramentos industriais do que falabamos anteriormente.

**2.3 Reforzar e coordinar os servizos de xestión da transferencia**

- Implantación de procedementos de compra pública innovadora no marco dalgún proxecto de investigación.

**2.4 Definir axeitadamente e pór en marcha as estruturas xurídicas dos centros do parque tecnolóxico**

- Definir as estruturas xurídicas dos centros do parque tecnolóxico.

**2.5 Potenciar a acreditación de ensaios realizados polos Servizos de Apoio á Investigación e incrementar a súa colaboración co tecido produtivo**

- Aumentar a oferta ao tecido produtivo de actividades formativas do SAI.

### **Obxectivo estratéxico 3: Internacionalizar a investigación e a transferencia**

#### **3.1 Fomentar e apoiar o acceso ao financiamento internacional para investigación**

- Programa de incentivación á participación de investigadores da UDC en convocatorias internacionais nomeadamente nas da Unión Europea, como o Horizon 2020.

#### **3.2 Aumentar a concorrencia dos grupos da UDC nas convocatorias competitivas internacionais en consorcios público-privados**

- Plan de atracción de empresas: preténdese compartir a información que ten a OTRI, os centros tecnolóxicos, a FUAC, a FICG e FEUGA, sobre as empresas que colaboran coa UDC. Algunhas actividades concretas son as de convidar ás empresas a acudir as sesións informativas sobre convocatorias europeas e a celebración dun acto de achegamento entre as empresas que colaboran coa UDC e os investigadores da universidade.

#### **3.3 Impulsar a internacionalización a través da formación de novos investigadores.**

- Creación da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC), posta en funcionamento dos seus órganos de goberno e das actividades propias da escola
- Programa INDITEX-UDC de estadías predoutorais no estranxeiro.
- Posta en marcha do Programa de investigadores internacionais da UDC, co gallo de rexistrar e contabilizar os investigadores que fagan estadías nos grupos de investigación da universidade, proporcionándolle apoio na súa estadía.

## RESPONSABILIDADE SOCIAL

### Obxectivo estratéxico 1: Unha universidade que impulsa o cambio social

#### 1.1 Fortalecer a participación da comunidade universitaria na sociedade

- Participación en Programas PCC e PCR en orde a que a comunidade universitaria coñeza as realidades dos países do sur mediante a colaboración nun proxecto de cooperación internacional ou de educación para o desenvolvemento, a través dalgunha ONGD.
- Novo programa da OCV de sensibilización para a comunidade universitaria que aborda una temática social cada mes, en colaboración con outras entidades da UDC
- Novos programas de colaboración con entidades en materia de voluntariado e acción social (Centro de transplantes de Galicia, CHUAC, ABAC).
- Posta en marcha en colaboración co Concello de Ferrol do programa de aloxamento interxeracional
- Definición e posta en marcha do programa de aloxamento interxeracional en colaboración co Concello da Coruña

#### 1.2 Fomentar a participación de cidadáns e institucións na comunidade universitaria

- Itinerar un proxecto realizado en Normal e aumentar as residencias artísticas nun 10%.
- Programar máis actividades en Normal que posibiliten o aumento do número de participantes nas actividades de intervención asociadas ás exposicións.
- Establecer as prioridades de evolución a medio prazo da oferta ao longo da vida

#### 1.3 Fomentar os hábitos para unha universidade saudable

- Desenvolver a participación da UDC na Rede Española e Internacional de Universidade Saudables.
- Agregar a oferta novas actividades deportivas.

- Mellorar os accesos e sistemas de control de acceso das instalacións deportivas

#### **1.4 Contribuír á normalización da lingua galega**

- Aumento das competencias do SNL, que deberá asumir o apoio a elaboración de manuais e materiais docentes en galego
- Apoio do SNL na redacción da guías docentes, deberán redactarse cando menos en galego e castelán e, opcionalmente, en inglés.
- Apoiarase de continuo a capacitación do profesorado e do PAS no uso do galego, mediante cursos de formación.

#### **1.5 Promover o desenvolvemento de competencias transversais en todas as titulacións**

- Programar unha xornada que teña que ver coa sensibilización da comunidade universitaria ante a diversidade
- Programación de actividades de emprego e emprendedurismo, xa sinaladas.

#### **1.6 Fomentar as políticas de compra socialmente responsable**

- Participación no grupo asesor da organización Electronics Watch para afondar na compra pública socialmente responsable de material electrónico.
- Difusión da Guía para a compra verde de papel.

### **Obxectivo estratéxico 2: Igualdade de oportunidades e fomento dunha cultura de non discriminación.**

#### **2.1 Progresar cara á accesibilidade universal**

- Manter a política de resposta inmediata, sempre que sexa posible, a necesidades da comunidade de infraestrutura por cuestións de accesibilidade.
- Creación da “Aula de Diversidade”, englobada dentro dos plans de formación do CUFIE, en que se formará no uso das TIC no entorno universitario para favorecer a accesibilidade.

#### **2.2 Impulsar a igualdade entre homes e mulleres**

- Creación da “Aula de Igualdade”, englobada dentro dos plans de formación do CUFIE, que incluírá actividades de prevención e mediación en situación de



acoso sexual e por razón de xénero e formación cara a integrar a perspectiva de xénero na docencia.

- Xornadas de sensibilización sobre a igualdade entre homes e mulleres co gallo das xornadas internacionais de conmemoración da muller ou de repulsa á violencia de xénero.
- Organización das II xornadas universitarias galegas en xénero.
- Divulgación do Plan de Igualdade recentemente aprobado na comunidade universitaria a través da páxina web da UDC e de xornadas de presentación e divulgación nos distintos campus da UDC
- Nova convocatoria do premio sobre traballos académicos con perspectiva de xénero

### **2.3 Establecer políticas de apoio aos estudantes en situación de dificultades económicas**

- Manter a porcentaxe de fondos de axudas a estudantes fronte ao orzamento global
- Establecer un programa de axudas ao estudantado baseado en políticas activas de mecenado e responsabilidade social.

## **Obxectivo estratéxico 3: Unha universidade responsable do seu impacto ambiental**

### **3.1 Mellorar a xestión e coordinación dos procesos de ambientalización e sustentabilidade**

- Sinatura do Convenio marco entre UDC e ADEAC para a implantación do Green-Campus na UDC
- Adhesión ao Green Campus de polo menos tres centros da UDC.

### **3.2 Implantar procesos de xestión sostible dos residuos**

- Implantación do novo Plan de xestión de residuos no ámbito de Elviña-A Zapateira, centrado na mellora da recollida selectiva e na adquisición de información sobre as cantidades, características e destinos dos residuos xerados
- Implantación da compostaxe dos residuos orgánicos dos comedores universitarios en todos os centros da Zapateira.



- Avaliación das opcións de compostaxe en centros de Elviña

### **3.3 Impulsar a mobilidade sostible**

- Estudo dos modos de transporte no acceso aos centros da UDC (enquisa de mobilidade e pegada ecolóxica da mobilidade). Divulgación dos resultados.
- Adecuación das infraestruturas para a bicicleta no Campus de Elviña: instalación de novos aparcamentos para bicicletas.
- Mantemento do servizo de préstamo de bicicletas.
- Xestión de vías de colaboración coas institucións competentes para potenciar a accesibilidade sustentable aos campus.

### **3.4 Impulsar a eficiencia enerxética, o uso de enerxías renovables e o aforro de auga**

- Realización dunha campaña dirixida á comunidade universitaria para achegar pautas de comportamento que permitan o aforro enerxético e de recursos naturais
- Difusión da Guía para a compra verde de papel.
- Virtualización dos equipos informáticos de xestión con vista á redución de custos de consumo, entre outros obxectivos de aforro
- Actualización e divulgación da auditoría do uso de auga sanitaria na UDC (lavabos, inodoros, etc). Adopción de mecanismos aforradores de auga en cisternas.
- Mellorar a eficiencia enerxética da iluminación pública do campus.

## **INTERNACIONALIZACIÓN**

### **Obxectivo estratéxico 1: Unhas titulacións e un ambiente universitario internacionais**

#### **1.1 Internacionalizar as titulacións**

- Ofertar ao estudantado polo menos un novo programa de docencia en inglés en grao no curso 2014/2015



- A acción de internacionalización da UDC ten orzamento idéntico ao do exercicio anterior, pero con incorporación dunha acción máis. A través de fondos propios trátase de apoiar accións para a extensión de redes de colaboración internacional e/ou consolidación das xa existentes que non estean recollidas en programas estatais ou internacionais e non son, por tanto, susceptibles de financiamento externo: establecemento de titulacións duplas ou conxuntas e consolidación de redes de cooperación.

### **1.2 Aumentar o número de títulos conxuntos e dobres titulacións internacionais**

- Aprobación do Regulamento de dobres titulacións da UDC para canalizar e regular o procedemento de implantación e os requisitos mínimos para as dobres titulacións en grao, mestrado e doutoramento.
- Oferta de novas dobres titulacións internacionais: catro dobres mestrados novos e dous/tres dobres graos para 2014/2015.
- Elaboración dunha instrución para o reparto das tarefas administrativas relativas aos estudantes estranxeiros que cursan as titulacións conxuntas ou dobres internacionais nas que participa a UDC.

### **1.3 Impulsar as actividades de *internationalization at home***

- Realización dunha *Orientation Week* para estudantes internacionais e unha Staff week en xuño de 2014, dentro das actividades de internacionalización en casa, en que se darán cita na UDC docentes e *staff* das universidades socias.

### **1.4 Elaborar unha oferta de programas de *study abroad***

- Presentación dunha oferta coordinada de cursos para estudantes estranxeiros para o verán de 2014.

## **Obxectivo estratéxico 2: Unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais**

### **2.1 Impulsar a mobilidade internacional de toda a comunidade universitaria**

- Lanzamento do Erasmus +, con incremento das prazas de mobilidade solicitadas respecto do ano 2013/2014

- Participación no novo Programa NILS, que supón a existencia dunha convocatoria diferenciada para mobilidade internacional con Noruega, Islandia e Liechtenstein dentro do proxecto NILS de Ciencia e Sustentabilidade para mobilidade específica de estudantes de grao e mestrado para eses países.
- Programa de mobilidade especial Galicia-Norte de Portugal, entre as universidades de Galicia e as do Norte de Portugal para incrementar e incentivar a mobilidade de estudantes e docentes na área estratéxica transfronteriza.
- Participación en 2014 en proxectos especiais de mobilidade: Erasmus Mundus Tempo; 4 Intensive Programs Erasmus.
- Posta en marcha do Programa de investigadores internacionais da UDC, co gallo de rexistrar e contabilizar os investigadores que fagan estadias nos grupos de investigación da universidade, proporcionándolles apoio na súa estadia.
- A acción de internacionalización da UDC recolle na convocatoria unha acción nova para mobilidade docente de profesorado que imparta docencia en inglés.

## **2.2 Fomentar a realización de prácticas laborais no estranxeiro polos alumnos e titulados da UDC**

- Execución do Programa Hi-Training UDC de bolsas para recién titulados da UDC, dentro do marco do programa Leonardo (34 mobilidades)
- Reforzo do programa Erasmus Prácticas, para dar resposta ao crecente interese pola convocatoria, que se proxecta nun programa propio complementario para esas bolsas.

## **2.3 Aumentar o atractivo da UDC para os estudantes estranxeiros**

- Programas propios especiais de captación de alumnos estranxeiros de mestrado e doutoramento con certas universidades e áreas xeográficas estratéxicas.
- Participación en programas con institucións educativas estranxeiras (caso de Ciencias sin Fronteras, co CNPQ brasileiro) ou Fundacións que facilitan a entrada de estudantes estranxeiros na UDC (participación nas oferta de bolsas da Fundación Carolina para estudantes iberoamericanos de mestrado e de doutoramento).

- Revitalización do espazo Finder para actividades cos estudantes internacionais.

#### **2.4 Facer máis visibles as oportunidades de internacionalización da comunidade universitaria**

- Lanzamento da páxina web UDC internacional con toda a información da UDC en inglés, galego e castelá en xaneiro de 2014, e antes das convocatorias de mobilidade para 2014/2015, permite dar a coñecer aos alumnos estranxeiros a UDC de maneira máis dinámica, mostrándolles todo o potencial académico e doutras áreas, como cultura e deportes, da UDC.
- Feira de mobilidade internacional para difundir as novas convocatorias de mobilidade de estudantes e profesores, con participación de universidades estranxeiras. Xaneiro-febreiro de 2014.

#### **2.5 Priorizar a sinatura de novos convenios de mobilidade de acordo con criterios estratéxicos e de calidade**

- Financiamento de axudas á internacionalización para a comunidade universitaria conducentes a promover a sinatura de certos convenios con universidades ou consorcios.
- Consolidación e profundización das relacións bilaterais, xa existentes, e que se reforzan polos acordos de dobre titulación con certas universidades dalgúns países da zona EEES e pola incorporación da UDC ao Programa NILS. Ademais, increméntanse os convenios bilaterais con Asia en 2014/2015 (Corea, China e Xapón).

### **Obxectivo estratéxico 3: Mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria**

#### **3.1 Facilitar e impulsar a formación en idiomas de toda a comunidade universitaria**

- Realización de cursos de estratexia de docencia en inglés, coa colaboración do CUFIE.
- Acción específica de axuda á mobilidade docente para os profesores incluídos dentro da convocatoria de Axudas á internacionalización para 2014.

### **3.2 Fomentar a acreditación lingüística de alumnos e profesores**

- Aumento da oferta de exames ACLES no Centro de linguas en 2014: renóvase a acreditación do B1 de inglés e implántase por primeira vez o B1 de francés.

### **3.3 Apoiar e motivar os profesores que imparten docencia en inglés**

- Apoio ao profesorado que imparte docencia en inglés co mantemento do desconto docente de 25 horas por materia e da preferencia destes docentes nas convocatorias de mobilidade de profesorado.
- Apoio lingüístico en cada centro que ten programa de docencia en inglés.
- Programa de *coaching* para os profesores que imparten docencia en inglés, coa colaboración do Departamento de Inglés da UDC.

## **FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS**

### **Obxectivo estratéxico 1: Unha captación de recursos proactiva e uns ingresos diversificados**

#### **1.1 Impulsar o papel do Consello Social como enlace da universidade coa sociedade, as empresas e todas as institucións**

#### **1.2 Mellorar a xestión da investigación e a transferencia**

- Implantación dun sistema de seguimento individualizado das condicións da xestión e de financiamento dos proxectos de investigación en función da entidade financiadora e a convocatoria.

#### **1.3 Valorizar a tecnoloxía, os espazos e as instalacións existentes para o seu uso externo**

- Fomentar a utilización por entidades externas, sen que en ningún caso se interfira na actividade universitaria, das instalacións da UDC, incluídas as da Área de Deportes e as da FCDEF. As tarifas foron recentemente actualizadas.

#### **1.4 Potenciar e promover a imaxe da UDC**

- Establecer un programa de promoción da marca rexistrada UDC

- Pór a disposición de todos os estudantes de novo acceso material de traballo identificativo da institución

## **Obxectivo estratéxico 2: Unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos**

### **2.1 Xeneralizar e sistematizar a medición do uso e da distribución dos recursos dispoñibles**

- Seguimento/control/avaliación trimestral do grao de execución orzamentaria por centros de gasto, que será presentada ante a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno.

### **2.2 Vincular a asignación de recursos de centros e servizos ao cumprimento de obxectivos**

- Definición de novos criterios de reparto dos fondos descentralizados que valoren a consecución de obxectivos estratéxicos. A información sobre os indicadores que terán valoración deberá facerse na primeira metade do exercicio para permitir aos centros a toma de decisión para conseguir unha maior cantidade de fondos.

### **2.3 Afondar no uso das novas tecnoloxías para a xestión e a administración**

- Posta en marcha dun xestor de procedementos electrónicos de xestión económica. Creación dun grupo estable para o deseño dos procedementos.
- Implantación da Sede electrónica e do rexistro electrónico en liña.
- Implantación dunha ferramenta para a xestión dos grupos de investigación.
- Implantación dunha ferramenta de xestión curricular dos departamentos, grupos e unidades de investigación
- Implantación dun sistema de xestión documental para a xestión dos proxectos de investigación, para centros e para departamentos.

#### **2.4 Fomentar a mellora das actividades de xestión e administración**

- Elaboración e establecemento dun catálogo de procedementos para desenvolver nas UADIs como unidades administrativas dos departamentos
- Desenvolvemento e implantación dunha plataforma de xestión dos espazos dedicados a docencia e xestión da súa dispoñibilidade e reserva.
- Introducción nos plans de formación do persoal de liñas que permitan un desenvolvemento de procesos que melloren a actividades de xestión e administración e que permitan a adaptación á xestión electrónica.

#### **2.5 Racionalizar os procesos de contratación e compra de subministracións**

- Implantación de procesos de compra pública con subasta electrónica
- Esixencia dun mínimo de tres ofertas nas licitacións de contratos menores, a partir de diferentes umbrais, respectivamente, para servizos/subministracións e para obras.

#### **2.6 Preservar o bo funcionamento da infraestrutura existente**

- Establecer as pautas de elaboración dos plans de mantemento dos centros.
- Iniciar a elaboración de plans de mantemento de, polo menos, dous centros dos campus.
- Asfaltado de parte dos viais do campus de Elviña, co financiamento do Concello da Coruña.

### **Obxectivo estratéxico 3. Unha comunidade identificada coa institución**

#### **3.1 Propiciar un ambiente de estudo e de traballo positivo, seguro, saudable e estimulante**

- Desenvolver a participación da UDC na Rede Española e Internacional de Universidade Saudables.



### **3.2 Renovar o compromiso co desenvolvemento profesional das persoas que traballan na UDC**

- Elaborar os mapas de competencias para o desenvolvemento profesional do persoal, en colaboración co CUFIE. Estes mapas terán en consideración as grandes áreas funcionais de xestión e deseñarán itinerarios formativos en competencias tanto técnicas como xenéricas. O seguimento dos itinerarios deberá facilitar procesos de carreira e promoción profesional, que deberán ter o seu reflexo nas correspondentes relacións de postos de traballo. Os plans de formación deberán ter en especial consideración os obxectivos do Plan Estratéxico da UDC.
- Incluír no Plan de dedicación académica individual do PDI actividades de xestión e investigación non consideradas na actualidade

### **3.3 Impulsar a participación e a identidade universitaria do estudiantado**

- Reorientar a difusión dos procesos de elección de representantes estudiantís en órganos colexiados co obxecto de mellorar as porcentaxes de participación.
- Pór a disposición de todos os estudantes de novo acceso material de traballo identificativo da institución

### **3.4 Promover a xestión e o uso responsable dos recursos comúns**

- Realización dunha campaña dirixida á comunidade universitaria para achegar pautas de comportamento que permitan o aforro de recursos, con especial fincapé nos recursos enerxéticos e naturais.